

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE NOVIEMBRE DE 2017 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO CONCELLO DA ESTRADA” (Incluída no Plan de Obras e Servizos-Plan Concellos 2017-Liña 1)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 12:23 horas, do día 23 de novembro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato da obra “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO CONCELLO DA ESTRADA”, que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- D. Juan Manuel Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde
- Dona María Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., Municipal
- Dona Ana María Vigo Fariña, Interventora Municipal
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal

FALTANDO:

- D. Manuel Fernández Cerdeira do grupo municipal do PS de G-PSOE
- D. Xosé Magariños Maceiras do BNG
- Dona Mar Blanco Casais de MOVETE

-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidenteponse en coñecemento da Mesa de que, tal e como consta no expediente de contratación, as empresas que presentaron a súa proposición dentro de prazo foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
- CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA)
- ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.L.
- TABOADA Y RAMOS S.L.,
- OVIGA S.L.
- ARINES
- NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
- NEMESIO ORDÓÑEZ S.A. (NOSA)
- MOVIMIENTO DDE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA)
- ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- NAROM

En canto á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.A., presenta a súa proposición fóra de prazo, pois o anuncio de licitación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 16 de outubro de 2017, abrindo un prazo de 26 días naturais contados dende a data da súa publicación (de conformidade co artigo 159.2 do TRLCSP e co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares) para que as empresas interesadas puidesen presentar as súas ofertas. A plica da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L., foi presentada na Oficina de Correos e comunicado ao departamento de Secretaría Municipal mediante fax, o día 13 de novembro en vez de o 10 de novembro que era o último día para a súa presentación, polo tanto a Mesa acorda por unanimidade excluía desta licitación.

A continuación polo Sr. Presidente procédese a apertura do sobre A (documentación administrativa), obténdose o seguinte resultado.

-CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA).-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.L.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-TABOADA Y RAMOS S.L.,presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-OVIGA S.L.presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-ARINES.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.- Presenta un CD que non ten nada grabado **NIN a declaración responsable**, en aplicación do disposto no art. 146 do TRLCSP, na redacción dada polo artigo 44.4 da Lei 14/2013, de 27 de setembro de 2013, **NIN a declaración xurada** respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación, tal e como se establecía na Cláusula 7, sobre A (documentación administrativa) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

-NEMESIO ORDÓÑEZ S.A. (NOSA).-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA).-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, pero **non presenta** a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-NAROM.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 7, SOBRE A, do Prego Administrativo.

A Mesa considerando que se trata de unha omisión enmendable, acorda por unanimidade requirir ás empresas **NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., e MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA)**, para que en caso de seguir interesadas neste procedemento de contratación, aporten a referida documentación, concedéndolles un prazo de 3 días hábiles a contar dende a recepción deste requirimento. De non facelo así, procederase á súa exclusión definitiva do procedemento de contratación.

Unha vez transcorrido o prazo concedido, volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, na que se dará conta da situación do expediente en canto á subsanación de documentación por parte dalgúns licitadores, e

seguidamente procederáse á apertura do sobre C “Oferta Técnica”- (criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor).

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as doce horas e cincuenta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)

|